



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

CIRCULAR 40-2026

XI CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE TRAIL RUNNING INDIVIDUAL ABSOLUTO, SUB 23 E MÁSTER (CLASSIC).

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o sábado 14 de febreiro en Barbadás, o Campionato Xunta de Galicia Trail Running individual Absoluto, Sub23 e Máster.

Art.2).- Poderán participar atletas das categorías Sub 23 e superiores, con licenza en vigor pola FGA e válida para as probas de trailrunning.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45 horas do luns 9 de febreiro.

- Aqueles atletas Sub 23 que o desexen, poderán participar da carreira absoluta indicando "Proba Absoluta" no campo de observacións ao realizar a inscrición.

❖ Neste caso, non obtería clasificación nin premio na categoría Sub 23.

Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 23:59 horas do mércores 11 de febreiro e serán remitidas a competicion@atletismo.gal

Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- A entrega realizarase nas inmediacións da Praza da Liberdade de Barbadás o sábado 14 de febreiro a partir das 08:00 horas <https://maps.app.goo.gl/aVoP6sy8qKfLjkcP6>
- Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.6).- Cámara de chamadas.

- Os participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma e deberán saír á zona de competición coa camiseta e o dorsal posto.
- Peche da cámara de chamadas → 5' antes da proba.

Art.7).- Horario e lugar de saída ([perfil ao final do documento](#)).

APERTURA C. CHAMADAS	PECHE C. CHAMADAS	HORA SAÍDA	DISTANCIA	DESNIVEL	CATEGORÍAS	PECHE CONTROL INTERMEDIO	PECHE CONTROL META
09:10	09:35	09:45	23,5 km	1350 m +	Absoluta, Master	2h30' (Km 15,8)	13:45*
09:45	10:05	10:15	11 km	510 m+	Sub 23	1h20' (Km 6,5)	12:45

*Pecharase o control de chegada unha vez cumprido o tempo determinado para cada carreira ou coa entrada do último atleta clasificado/a.

Localización da saída e meta:

Parque da Liberdade, Barbadás: <https://maps.app.goo.gl/pHqkprhWTp9Dvg4t8>

Art.8).- Abastecementos.

- A proba será en semi-autosuficiencia, podendo abastecerse nos puntos a tal efecto de forma individual. A asistencia externa NON está permitida.
- Habará os seguintes abastecementos no percorrido:

	AB1 - COMPLETO	AB2 - COMPLETO	AB3 - COMPLETO
23 km (Abs. e Máster)	KM 6,5	KM 16	KM 20,1
11 km (Sub 23)	KM 6,5		

Art.9).- Material Obrigatorio.

O material estará revisado polo comité galego de xuíces, podendo facerse total ou parcialmente en saída, meta ou durante o percorrido.

A FGA, atendendo á meteoroloxía, poderá modificar as seguintes listaxes, ata 5 días antes da proba, mediante a publicación dunha circular anexa.

Listaxe de material obrigatorio:

- Dorsal visible na parte frontal.
 - Manta térmica.
 - Teléfono móbil (operativo).
 - Sistema de hidratación con capacidade mínima de 0,5 litros (Carreira absoluta e máster).
 - Sistema de hidratación con capacidade mínima de 0,2 litros (Carreira Sub 23).
- ❖ As penalizacións e descualificacións sobre o material obrigatorio serán as oficiais do [regulamento do ránking galego de Trail Running](#).

Listaxe de material recomendado:

- Curta ventos ou chaqueta impermeable.
 - Tubular ou gorra.
 - Luvas.
- ❖ Uso de auriculares ou elementos de igual índole non está permitido.



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Art.10).- Premios.

- Os tres primeiros atletas clasificados de cada unha das categorías, masculinos e femininos, recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato.
- A entrega de premios realizarase na Praza da Liberdade a partir das 13 horas.

Art.11).- Servizos complementarios.

- Porase a disposición dos participantes un servizo de duchas e vestiarios nas instalacións deportivas habilitadas polo Concello de Barbadás no pavillón municipal: <https://maps.app.goo.gl/jt7tDujvYQ5VQfWs6>
- Os atletas que desexen, a maiores, optar ós premios, agasallos e servizos da proba popular, deberán inscribirse na mesma a través da páxina www.carreirasgalegas.com

Art.12).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a competicion@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa con posterioridade ás 23:59 do mércores previo ó inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.13).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 26 de xaneiro do 2026

Yolanda González Fernández
Secretaría Xeral da Federación Galega de Atletismo



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.

T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal

atletismo.gal - carreirasgalegas.com


C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Percorrido e perfil - 23 km

Ligazón percorrido: <https://tracedetrail.fr/en/trace/320920>



Percorrido e perfil - 11 km

Ligazón percorrido: <https://tracedetrail.fr/en/trace/322018>

